

- **Consulta os fundamentos teóricos sobre GRAMÁTICA: fonética** (p. 46), **morfoloxía** (p. 24 e 44), o **verbo** (pp. 104-105, 197-205), os **adverbios e conxuncións** (pp. 206-207) e **sintaxe** (análise). Olla tamén o apéndice gramatical do libro de texto.

1.- Indica os fonemas das seguintes palabras:

- chairego
- poeirenta
- xexún
- zamburiñas
- óso
- ningunha
- sogra
- mollado

2.- Analiza morfolóxica e sintacticamente as seguintes cláusulas:

- Arroz con chícharos e carne.
- Chegou onte.
- Escribireille a Xulia.
- Un fantasma avanza lentamente polo corredor da escola.
- Estas olivas están demasiado salgadas.
- Mareáronse todos os rapaces no coche de liña.
- Cheguei á casa morto de fame.
- María escoitaba engaiolada a radio.
- Os resultados parecen esperanzadores.
- Agora case non se lembra das súas obrigas.
- A carta provocou a dimisión do delegado.
- Vexo a Mariña moi ilusionada.
- Este rapaz tan calado está enfermo.
- Librouse dunha boa.
- A súa casa está lonxe da estación de trens.
- Retención de catro quilómetros na entrada á Illa de Arousa.
- É mellor que agardes por túa nai.
- Dixo que chegaba tarde.
- Saúdao cando che certe.
- Ollos que enfeitizan suspiran en silencio.

3.- Analiza os constituíntes morfolóxicos das seguintes formas verbais:

cantaba	parte	falarei	andou	fordes
trouxeramos	puxésemos	sintamos	ferveren	comía

4.- Escribe hipónimos para os seguintes hiperónimos.

mes cinema vehículo felino

5.- Escribe os hiperónimos que corresponden aos seguinte hipónimos.

- poesía, teatro, narrativa.

- descapotábel, familiar, deportivo.
- can, gato, golfiño, xabaril.

6.- Explica que son as palabras homófonas e as palabras homógrafas e pon exemplos. Logo escribe un enunciado cos exemplos onde se vexa claramente a diferenza.

7.- Substitúe polo pronome átono que corresponda o obxecto directo das seguintes oracións.

- Vin a teus pais.
- Teño que poñer as novidades no escaparate.
- O xurado escoitou atentamente as cancións.
- Ten moita vergoña.
- Inauguraron a nova biblioteca.

8.- Escribe a forma feminina dos seguintes substantivos.

rei	actor	tsar	profeta	duque
padrasto	xenro	heroe	príncipe	emperador
padriño	sogro	xudeu	cabalo	carneiro

9.- Coloca estes substantivos no lugar que lles corresponde segundo o seu xénero.

Papagaio, corzo, raposo, elefante, camelo, avestruz, sapoconcho, merlo, morcego, pardal, xato, saltón, paspallás, parrulo, tigre, formiga, xabaril, cervo, ourizo, galo, cabalo, gato, can, león.

Substantivos variábeis canto ao xénero		Substantivos invariábeis canto ao xénero
Masculino	Feminino	

10.- Indica o xénero destas palabras poñéndolles diante o artigo o/a.

cheirume	paréntese	homenaxe	marxe	lavalouza
fame	cárcere	sal	leite	síndrome
aguaia	otite	suor	mel	curtametraxe
arte	cume	análise	ponte	mar

11.- Forma o feminino.

campión	patrón	ourensán	anfitrión
acusón	lampantín	alcalde	cotián
duque	tataravó	nugallán	mundano
pasmón	cabalo	italiano	cidadán
alemán	chan	paisano	xenro

12.- Pasa ao plural estas frases (podes consultar a teoría no apéndice do libro de texto).

- Aquel capitel representa unha escena celestial.
- Sempre vén algún rapaz na terza feira.
- O corazón senil tamén pode ser pasional.
- O lacón está moi caro segundo o prezo oficial.
- Teño que mercar tea para un lenzo branco e un calzón azul.
- É un edil reprobábel segundo o editorial do xornal dominical.

- É unha flor común e fácil de atopar en calquera verxel.
- Cacei unha perdiz naquel piñeiral.
- Esa fábrica téxtil ten unha parede anil.

7. Coloca ao lado de cada palabra o seu sinónimo.

Estornela	peto	raposo	ouriolo
Escornabois	reirrei	libélula	tiracroios
carrabouxo	salamántiga	corticeira	lanzal
lucecú	gacios	laso	riscado
ervella	esbrancuxado	enxoito	rexo
repoludo	crecho	pescada	

8.- Escribe o plural destes substantivos.

Xornal	álbum	réptil	café	xuvenil
Caracol	ril	exame	orixe	sinal
Réxime	xuíz	bocoi	tórax	mazá
Pub	arroaz	baúl	ciprés	tándem
Dúplex	fol	réxime	xardín	lei
Barril	xudeu	iceberg	funil	polgar
Clip	sándwich	automóbil	marroquí	complot
Cadril	local	test	xabaril	col
Lapis	dólar	túnel	esquí	marxe

9.- Forma o feminino destes adxectivos.

Charlatán	cidadán	alemán	nugallán
catalán	humano	urbano	cotián
Fisterrán	mentirán	chan	vilán

10.- Traduce ao galego estas palabras.

Altavoz	noria	regaliz	marionetas	palomitas
Matasuegras	tenderete	miga	chucherías	garrapiñadas

11.- Rodea cun círculo os pronomes persoais tónicos e cun cadrado os pronomes persoais átonos.

Eles non cumpriron connosco. Xa o dixera teu pai: - non vos fiedes deles, rapaces. Cando el o dixo por algo sería. Agora teremos que decidir onde investimos os cartos que nos van devolver. Meu tío, que vén do Brasil, pódenos orientar; pois ten experiencia niso. Sempre pode buscar unha empresa seria, honesta e forte. Un negocio que prometa. Eu xa falara coa Caixa e co Manel; aínda que non vise moitas perspectivas. Polo tanto, é mellor para ti e para min vérmonos mañá, antes da reunión. Ademais recórdolle a vostede que nós temos un pacto com eles e debemos respectalo.

12.- Substitúe as palabras destacadas por un pronome átono de 3ª persoa.

Onte deron **as notas** no instituto.

Vin **a eles** pola rúa.

Collo **todos os cartos**.

Comín todo **o que me puxeron**.

Deixou **o caderno** onde estaba.

Puxeche **o cinto de seguridade**?

Chamaches **a túa irmá** por teléfono.

Comín **as patacas fritas**.

Entregáron as notas.

Deixei a el o coche.

12- Coloca TE ou CHE nos espazos baleiros.

Non me dixeches como.....chamabas. Onte non vin pola rúa e estiven esperando.... un bo anaco. Regalei... un libro e nin as grazas me deches. Xa sabes que entreguei todo o que tiña, así que deixa... de contos que non penso dar.... nada máis. Todos estaban observándo... mentres cantabas. No fíes de ninguén. O exame colleu.... Desprevido.

13.- Realiza un esquema a partir do seguinte texto. Lembra que a información debe estar clara e ordenada. Recordá tamén que nun esquema sobran moitas palabras das que aparecen no texto, especialmente verbos.

Os petróglifos son gravados rupestres que se atopan nas rochas da paisaxe galega. Cada vez está máis claro que, de todas as manifestacións culturais xurdidas ao longo dos tempos, estes constitúen o fenómeno máis relevante debido a varios motivos: por tratarse de documentos históricos de gran valor (xa que obtemos información sobre o modo de vida dos nosos antepasados), polos seus indubidábeis valores estéticos e pola súa marcada orixinalidade. Podemos agrupar estas representacións rupestres ou petróglifos en dous grandes grupos.

O primeiro constitúeno aqueles que presentan unha temática xeométrica. É o grupo máis numeroso e está disperso por toda a nosa xeografía. A eles pertencen os puntos, combinacións de círculos concéntricos, espirais e deseños labirínticos. Son moi semellantes nas súas formas aos aparecidos noutros países atlánticos e parece ser que estas formas están moi relacionadas coas crenzas e o universo espiritual destes antigos habitantes.

O segundo grupo constitúeno os gravados de temática naturalista. Nel, os temas máis frecuentemente representados son os deseños zoomorfos (cérvidos e équidos), os antropomorfos e as figuras de obxectos concretos como poden ser armas ou os chamados ídolos cilindro. Os cérvidos son as figuras zoomorfas de aparición máis frecuente. Pola contra, son escasas as figuras humanas (sempre varóns) e cando aparecen fano representadas en dúas actitudes: cazando a pé ou cabalgando a lombos de cabalos.


Por último, cómpre salientar que tanto as autoridades como as persoas en xeral deberían protexer moito máis estas manifestacións artísticas e coidalas e respectalas; posto que constitúen un importante testemuño da nosa existencia no planeta terra.

14.- Busca no texto anterior mecanismos de cohesión textual e conectores textuais.

15.- Observa a repetición de varias palabras ao longo deste texto da obra *Memorias dun raposo* de Antonio Reigosa. Para evitar que se repitan, substitúeas mediante mecanismos de cohesión textual (sinónimos, pronomes persoais, adverbios).

Para saber quen somos os raposos hai que escoitar o que din os raposos e, ben o sabedes, os raposos non temos boa prensa; nunca tivemos boa prensa os raposos. Aos raposos chámannos furafollas, periquiños, sete mentiras, trasgos e como do que fomos os raposos ao que somos os raposos hai leria para nunca acabar, e aínda nos queda aos raposos moita máis guerra que dar, convén, se vos parece, que me prestedes atención, que escoitedes e aprendades, que no que nos pasou aos raposos está o fermento do que nos vai pasar aos raposos.

16.- Expresión Escrita: transforma o seguinte esquema nun texto perfectamente redactado en parágrafos e correctamente puntuado.



17.- Subliña os adverbios e as locucións adverbiais que atopas nas seguintes oracións e indica de que clase son:

- a) Abofé que a cociña parece bastante grande.
- b) Non esperamos fóra polos teus amigos?
- c) Seica se divertiu abando na festa de antonte.
- d) Daquela a muller viña a miúdo pola nosa casa.
- e) É moito mellor que escollas un ao chou.

18.- Forma substantivos derivados destes verbos usando sufixos:

ADESTRAR ESMAGAR MOLLAR PERCORRER SUBIR
 EMPUXAR CHEGAR TECER FREAR MOVER

19.- Substitúe o subliñado por unha preposición: perante, durante, sen, mediante, agás, canda, onda, segundo, malia.

- Chegou ao mesmo tempo ca nós e pasou alí a tarde enteira, no mesmo sitio ca Isabel.
- Ninguén conseguiu entrar a non ser ti! Pero foi por medio da túa tía.
- A pesar de atrasarse un pouco, aínda puido firmar o contrato estando diante o notario.
- Desde o punto de vista de André, é mellor quedar privados de recreo ao longo de todo o mes.

20.- Subliña as contraccións nas que haxa algunha preposición e indica por que palabras está formada cada unha:

Nestas vacacións, polas tardes, penso ir á Praia cos amigos. Alí xuntarémonos cuns rapaces que xa coñecemos doutros anos e aproveitaremos o tempo ao máximo. Diso estou segura! Dalgúns non sei nada dende hai tempo, pero acórdome ben deles. E moito tempo, pero acórdome ben deles. E moito levo pensado nalgún! Si, naquel tan guapo; dese lémbrome máis. Pero dentro duns días...

